

# LENHA NOVA E GENTE MADURA: UN EXEMPLO A SEGUIR

*polo Colectivo ecoloxista MEL (A Límia).*

O monte comunal de Zapeáus, no concelho de Rairiz da Veiga, na bisbarra da Límia, foi testemunha de como durante o mes de marzo uns labregos, muitos deles ja non mui mozos, traballaron afeito deica plantar perto de 4000 árbores, e com grande sabiduria rejeitaron o que agora tanto está de moda: pinheiros e eucaliptos.

Arado o monte e sacho no lombo, foron os vizinhos enterrando as cativas árbores frondosas que pouquinho a pouco verán medrar. Saben que o tempo logo pasa, e que axinha carvalhos, castinheiros, nogueiras, bídalos, cerdeiras, darán o seu fruto.

Labregos que pensando no seu futuro e no dos seus descendentes traballaron ledos para deixar a melhor herdanza: a riqueza dun tesouro vivo que agora é nado das suas máns.

Que cale o que dijo que os velhos nom som capaces de comprender o valor que foi sempre noso.

Que cale o que dijo que ja nom hai que se preocupar polo porvir desta terra.

Quen isto escribe, que compartiu suores e desacougos coa gente de Zapeáus, quere animar a todos os que isto ledes para que vos atrevades a tenta-lo na vossa aldeia, cos vossos paisanos. Tende por certo que si hai unha faisquinha de boa vontade, a repovoación coas nossas árbores é posíbel.

A cousa escomenzou cando José Feixoó, vizinho do lugar junto con Perfecto Garcia, concelheiro de AVE (Alternativa dos Vizinhos) e membros do MEL (Movimento Ecoloxista da Límia) lograron convencer aos vizinhos e, aproveitando unha das subvenções que a conselheria de Agricultura destina para estas actividades, tiraron-se á aventura.

Gracias a unha proposta do concelheiro de AVE que foi aprovada por maioría o pasado ano, o concelho adiantou «gentilmente» os cartos para facer fronte aos gastos iniciais que estava a

originar a plantación. A mágoa é que non houbera mais projectos de repovoación en todo o concelho, nin tan siquer en toda a Límia (deixando de lado algunha que outra de pinheiros), que boa falha facia para recuperar toda a floresta perdida «gracias» ás concentracións parcelarias.

A intervención do concelho paliou unha das eivas mais importantes que tenhen as subvenções florestais, que é a de que os cartos cheguen muito depois de que os trabalhos ja estejam totalmente rematados. Cómpre por parte deles unha pronta reforma do sistema de pagos, e que as facturas que se vaian originando coas tarefas da repovoación vaian sendo pagadas puntualmente pola Xunta.

Iste problema agrava-se cando do que se trata é de plantar especies autóctonas; mui pouco consideradas ainda polo labrego em geral, debido ao desarraigo sócio-cultural e á sua falla de educación medioambiental, e sobre todo porque non tenhen «padrinhos multinacionais» (como a difunta Eurogalicia forestal) que ceguen aos paisanos coa asombrosa e efímera rendabilidade de pinheiros e eucaliptos.

O resultado de todo isto é que, a pesares de que a porcentaxe das subvenções oficiais esteja sendo muito mais alto para as especies caducifólias, a realidade demonstra que as iniciativas deste tipo son mui escasas. O final, facendo contas, pode-se comprobar que a grande maioría dos cartos destinados a plantacións van parar a coníferas e eucaliptos, verdadeiro obxectivo do Plan Forestal da Xunta.

Pero o mais importante é que se todo vai bem, a primavera vindeira um lindo bosque de frondosas tomará forma no monte de Zapeáus, e quem sabe, ao melhor outras parróquias se animan a seguir o exemplo: **Ogallá que sejam moitas!** ■

**SUPERFICIE REPOBOADA:** 10 Ha.

**SISTEMA DE LABOREO:**

Laboreo total en zonas de pendente suave.

Laboreo parcial con desbroce prévio em pendente.

Pase de subsolado sobre as linhas de plantación.

**DATA DE PREPARAÇOM:** Decembro do 92 e Xaneiro do 93.

**MAQUINARIA EMPREGADA:** Tractor.

**COSTE OPERAÇOM:** 425.000 pts.

**MODO DE PLANTAÇOM:** Manual e con apertura de burato.

**DATA DE PLANTAÇOM:** Fevereiro, Marzo do 93.

Espécie	Nº árbores	Superficie
Q. Rubra	850	2 ha.
P Avium	150	marxens
C. Sativa	1.000	4. Ha
J. Regia	100	0,75 Ha
J. Nigra	50	0,25 Ha
Hibrido		
Cren.-sativa	200	1 Ha.
Betula	250	0.5 ha
Pseudotsuga	1.100	1.5 ha
Pica Abier	175	Salteada
Total	3.875	10 Ha.

**«LABREGOS  
QUE PENSANDO NO  
SEU FUTURO E  
NO DOS SEUS D  
ESCENDENTES  
TRABALHARON LEDOS  
ARA DEIXAR A MELHOR  
HERDANZA:  
A RIQUEZA DUN TESOURO  
VIVO QUE AGORA É NADO  
DAS SUAS MÁNS»**